

Aposta por facilitar a práctica dunha alimentación saudable e sostible

EROSKI RENOVA O SEU COMPROMISO COA SAÚDE E MAIS A SOSTIBILIDADE

- A cooperativa resume en 10 compromisos a súa proposta para contribuír a unha sociedade con maiores cotas de saúde e benestar
- Comprométese a eliminar as graxas de palma ou coco de todos os seus produtos de marca propia para o 2020
- Para o 2024 o 100% dos ovos que se vendan na súa rede de tendas provirán de galiñas criadas no chan
- Máis de 5.000 persoas (socios, traballadores, clientes e grupos de interese) colaboraron na construción deste decálogo
- EROSKI reafirma a súa vocación histórica, adquirida no seu nacemento hai case 50 anos, de influír positivamente na mellora da calidade de vida e no desenvolvemento sostible da sociedade

Elorrio, 4 de abril do 2018.- [EROSKI](#) renova os seus compromisos en saúde e sostibilidade e resúmeos nun decálogo que asume co fin de contribuír a unha sociedade con maiores cotas de saúde e benestar e máis sostible.

Trátase dunha posta ao día dos compromisos históricos adquiridos por EROSKI cos consumidores e coa sociedade dende o seu nacemento, hai case 50 anos, para contribuír e influír positivamente na mellora da calidade de vida e no desenvolvemento sostible da sociedade, permanecendo fiel á súa natureza e vocación social como cooperativa. Máis de 5.000 persoas entre socios, traballadores, clientes e grupos de interese colaboraron na construción deste decálogo.

Os dez compromisos definidos na versión renovada pola cooperativa pivotan arredor da seguridade alimentaria, da accesibilidade a unha alimentación saudable a un prezo alcanzable e da información:

1. Implicarse coa seguridade alimentaria.
2. Promover unha alimentación equilibrada.
3. Previr a obesidade infantil.
4. Atender as necesidades nutricionais específicas.
5. Favorecer un consumo responsable.
6. Ofrecer máis produtos locais.
7. Facilitar comer ben a bo prezo.
8. Actuar con claridade e transparencia.
9. Coidarse como traballadores.
10. Impulsar un estilo de vida máis saudable.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI - OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

"Reafirmámonos no noso fin de contribuír a unha sociedade máis sostible, con maiores cotas de saúde e benestar, facilitando a práctica dunha alimentación saudable. Somos un operador eminentemente alimentario, o principal provedor de alimentos para moitos consumidores, o cal leva consigo unha gran responsabilidade. O noso reto é movernos xuntos cara a unha sociedade máis sa", explicou o director de Saúde e Sostibilidade de EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa.

Os catro primeiros compromisos están relacionados coa nutrición e cunha alimentación segura, sa e equilibrada. O primeiro deles refírese á seguridade alimentaria, condición básica para os produtos, especialmente os de marca propia, e mais para as instalacións. EROSKI conta cun plan de calidade preventivo a través do cal realiza máis de 11.000 análises de produto e audita a máis de 400 provedores ao ano.

Eliminación das graxas de palma na marca propia para o 2020

EROSKI comprométese a ofrecer unha proposta equilibrada de alimentos no segundo dos seus compromisos. Para iso traballa, por unha banda, na promoción dos grupos de alimentos que deben formar parte con maior frecuencia dunha dieta equilibrada. Por outra, na revisión das receitas dos produtos de marca propia pertencentes aos grupos de alimentos que se deben inxerir con menor frecuencia, para mellorar o seu perfil nutricional a través da redución de sal, azucre, mellora do perfil de graxas... Desde o 2013 EROSKI foi reducindo e este último exercicio 2017 eliminou máis de 325 toneladas de azucres, graxa e sal para mellorar os seus produtos de marca propia. Entre as liñas de traballo que desenvolve arredor deste compromiso destaca a eliminación das graxas de palma ou coco de todos os seus produtos de marca propia para o 2020.

A cooperativa focaliza o terceiro dos seus compromisos no público infantil. Co fin de previr a obesidade infantil, grande ameaza a día de hoxe para os máis pequenos, EROSKI traballará na reformulación dos seus produtos de marca propia dirixidos aos máis novos para que a súa composición sexa máis axeitada. Ademais, EROSKI desenvolve poderosos programas formativos para os máis cativos e o seu contorno máis próximo -escolar e familiar- cos que aspira a chegar a formar en hábitos de vida saudables a máis de dous millóns de nenos e mais as súas familias para o 2025. A día de hoxe máis de 760.000 nenos participaron no [Programa Educativo en Alimentación e Hábitos Saudables](#) que EROSKI desenvolve en escolas de toda España a través da súa [Escola de Alimentación](#).

Os que precisan dunha alimentación específica por intolerancias alimentarias tales como celiaquía, alerxias... ou necesidades derivadas das distintas etapas da vida ou de estilos de vida diferentes atopan resposta no cuarto compromiso. EROSKI recolle a súa vontade de atender esta demanda de maneira que a oferta dos produtos sexa segura, suficiente para unha compra ordinaria e a un prezo alcanzable.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI - OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

Patróns de consumo máis sostibles

Pero unha alimentación responsable, amais de sa e equilibrada, debe ser sostible, e diso ocúpase EROSKI a través do seu quinto e do seu sexto compromiso. A sostibilidade dos procesos, instalacións e produtos é unha esixencia económica, social e ética. O uso sostible dos recursos, a redución da pegada ambiental, a promoción da economía circular, a prevención do cambio climático, a defensa da biodiversidade... son imperativos ineludibles que EROSKI recolle no seu decálogo. A cooperativa continuará a reducir a pegada ambiental das súas tendas, frota lóxística e produtos. Para lles facilitar aos clientes a adquisición de produtos máis sostibles, amais contribuír á súa formación, EROSKI comprométese a continuar incorporando criterios de ecodeseño na súa marca propia, a mellorar o benestar animal e a incorporar criterios de sostibilidade diferenciais nas súas marcas propias (especialmente nos frescos). Entre as accións que vai poñer en marcha nos vindeiros anos destacan a eliminación de colorantes, antioxidantes e conservantes dos seus produtos de marca propia, a eliminación progresiva de tratamentos fitosanitarios da froita e verdura EROSKI e EROSKI Natur en dous anos e o seu compromiso de que para o 2024 o 100% dos ovos que se vendan na súa rede de tendas proveñan de galiñas criadas no chan, entre outras.

O fomento dunha alimentación máis sostible non só se refire a aspectos ambientais, senón tamén sociais. O desenvolvemento social e económico do contorno, o fomento do emprego e da riqueza local e o respecto á cultura gastronómica local son obxecto do sexto compromiso de EROSKI en saúde e sostibilidade. A cooperativa abórdao dende o punto de vista de empresa de distribución cunha relación de apoio e próxima aos provedores agroalimentarios locais e cunha oferta ampla e variada que ofrece máis de 20.000 produtos locais de 2.000 pequenos produtores, e dende o punto de vista de axente social, implicándose nos aspectos sociais, culturais, solidarios do contorno onde opera, ao que dende a súa orixe devolve boa parte dos seus beneficios empresariais.

Os últimos catro compromisos do seu decálogo concéntranse en como impulsar e colaborar para alcanzar os anteriores. EROSKI quere ser un axente democratizador da saúde e da sostibilidade e este é o obxecto do seu sétimo compromiso. A cooperativa aspira a reducir a barreira que en moitas ocasións supón o prezo para poder acceder a certos alimentos necesarios para unha alimentación equilibrada.

No oitavo punto do seu decálogo, EROSKI comprométese a ofrecer unha información clara e transparente no relativo á proposta comercial (etiquetaxe, folletos, revistas...), informando e recomendando as mellores opcións dende os soportes cotiáns de relación co cliente.

Como cooperativa, os traballadores teñen un papel esencial e diferente e son un fin en si mesmo. A formación en saúde, sostibilidade e benestar e a promoción de

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI - OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

hábitos de vida saudables forman parte do noveno compromiso para mellorar a súa calidade de vida.

EROSKI como cooperativa de consumo sempre destacou pola súa actividade na formación e información ao consumidor. E é na formación ás persoas consumidoras onde a cooperativa concentra os seus esforzos no décimo compromiso que completa o decálogo, para axudalas a través da súa educación a facer eleccións cara a solucións máis sas e sostibles. E faino a través de actividades formativas que desenvolve dende a Fundación EROSKI e dende EROSKI Club. Así, na súa aposta por poñer avanzadas ferramentas de diagnóstico nutricional personalizado ao servizo dos consumidores, no 2017 lanzou [Ekilibria](#), un programa pioneiro en España, para calquera Socio de EROSKI Club, que pon á súa disposición unha avanzada ferramenta de diagnóstico nutricional personalizado.

Ademais, dende hai máis de 40 anos a cooperativa impulsa a información de calidade sobre saúde e sostibilidade a través da revista Consumer e www.consumer.es, con máis de 5 millóns de lectores mensuais. Tamén desenvolve a súa vocación de fomentar unha alimentación sa e uns hábitos de vida saudables entre os cidadáns a través da súa *Escola de Alimentación*, cun programa educativo enfocado aos nenos e nenas en idade escolar que se complementa cunha aula de familia que estende o proxecto de educación saudable ás familias. A Escola de Alimentación pretende ser ademais un punto de encontro de profesionais da saúde, profesores, pais, escolares e cidadáns no que se ofrece información de calidade e de actualidade froito do coñecemento.

"En EROSKI queremos contribuír a unha alimentación máis saudable, máis sostible e máis responsable de dúas maneiras, a primeira poñendo ao alcance do consumidor mellores produtos, para que sexa máis doado compoñer unha dieta máis equilibrada, e a segunda, achegando información e formación ao consumidor para que teña maior criterio á hora de deseñar a súa dieta, e todo iso forma parte dun compromiso intrínseco á nosa misión cooperativa", explicou Martínez Berriochoa.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

**EROSKI - OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)